

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS CASTELAO 2014

Santiago, 28 de xuño de 2014.

Autoridades presentes.

Señoras e señores.

Neste día no que distinguimos galegos que fixeron méritos para recibir o recoñecemento do seu país, non podemos obviar o momento histórico que vive a institución que serve de marco á nosa convivencia. A proclamación dun novo rei ten un dobre sentido de continuidade e renovación na Coroa de España.

Continuidade no seu compromiso constitucional e democrático, e renovación na persoa do Monarca. Pechamos unha etapa con moitos máis días que noites, e abrimos outra colmada de esperanzas. Neses dous períodos, Galicia ten a condición de protagonista.

O establecemento do autogoberno, o incremento do benestar, o asentamento da nosa identidade e o florecemento da nosa cultura, prodúcese ao amparo desa Monarquía que cumpre a súa remuda. Así como a superación dos traumas do pasado está unida ao Rei que vén de abdicar, os desexos de estabilidade e convivencia aparecen ligados á figura de Felipe VI. Non cabe, na nosa opinión, polo tanto, valorar as formas de Estado en abstracto, senón tendo en conta os efectos que producen na evolución da sociedade.

Eses efectos son en Galicia tanxibles. A Monarquía constitucional permitiunos ser como queremos ser, e gobernarnos como queremos ser gobernados. Nunca foi limitación senón impulso. Nunca coartou as nosas posibilidades como pobo, senón que as ampliou e enriqueceu.

Dicilo hoxe é de xustiza. Manifestalo nunha cita tan significada como esta, non é outra cousa que facerse voceiro do que senten a maioría dos galegos.

Unha maioría que espera moito do novo reinado. Galicia quere ser copartícipe dunha España unida pero non uniforme, por utilizar a expresión de Felipe VI no seu discurso de proclamación diante dos representantes da soberanía popular. Hai en efecto moitas maneiras de ser español, e unha delas é ser galego. Está no noso cerne colectivo entender as identidades como algo complementario e non excluín-te. O galego non se ve obrigado a elixir entre as que compoñen a súa rica personalidade porque sentiría niso unha limitación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao longo destes anos de Monarquía democrática, Galicia desenvolveu un modelo de convivencia institucional inspirado no día a día da xente. Todos os días e a todas horas, galegos de pensamentos diferentes, de conviccións distintas, de ideoloxías dispares, viven e traballan xuntos. Tamén nós somos un país unido aínda que non uniforme. Os intereses contraditorios que xorden en ocasións, non impiden afrontar tarefas comúns. Existen conflitos, pero tamén canles axeitados para dirimilos.

Que esa maneira de ser está fundamente arraigada no noso ser colectivo, o demostra a actualidade do home que titula estas distincións. Se seguimos vendo en Castelao un símbolo vixente, débese a que, por riba da súa condición de político, estaba a de humanista. Amar Galicia significaba para el oíla, entendela e respectar a súa idiosincrasia. Por iso é inútil buscar nas súas intervencións públicas descualificacións ou palabras malsoantes. Amablemente, quería incorporar os galegos a un galeguismo aberto e facer da autonomía unha casa de todos.

Os caprichos da historia quixeron que eses ideais non se cumprisen na desafortunada República que viviu, senón na Monarquía que chegaría despois da longa noite de pedra e durante a cal –hai xustamente 30 anos– os restos mortais de Castelao foron trasladados a onde sempre deberon estar: á súa terra, á súa Galicia. Unha xustiza invisible fixo que o nome de Castelao soase en boca do Rei Felipe VI no acto de proclamación, como homenaxe a unha España que se expresa tamén en lingua galega. O Monarca elixiuno xunto a Machado, Espriú e Aresti para irmandar as culturas que conviven e dialogan.

Señoras e señores. Vivimos tempos novos que, como todas as transformacións importantes, requiren o protagonismo do pobo. Á pregunta de se hai unha sociedade vital que faga posible eses cambios, podemos responder con cinco nomes, con cinco traxectorias, con cinco exemplos. Xa son coñecidos e admirados no seu ámbito profesional, pero nós queremos que sexan un motivo de orgullo para o conxunto do país.

É un orgullo honrar a Juan Carlos Estévez Fernández-Novoa por un traballo á fronte do Consejo General de Procuradores de España admirado pola súa eficacia e dedicación. Impulsar a innovación da lexislación procesual, a implantación das novas tecnoloxías, e a mediación extraxudicial, son logros que o distinguen.

Entre aquela primeira gaita fabricada en Pastoriza no 1939, e o Obradoiro Seivane que hoxe as exporta a Europa e Latinoamérica, hai moito amor ao instrumento que tan ben nos define. É fermoso pensar nos sentimentos que o seu son fixo xurdir en moitos corazóns que falaban idiomas distintos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De Pilar Iglesias Osorio e Francisco Javier Pitillas Torra, pode dicirse que teñen un don especial para a cooperación. Da súa man naceron ou se consolidaron todo tipo de asociacións de axuda. Grazas a eles, fixéronse visibles colectivos esquecidos, e soubemos que nada é imposible cando existe un indomable espírito de superación.

É obrigado agradecerlle a Pilar todo o que fixo, pero sobre todo o seu esforzo a prol da visibilidade e da igualdade das mulleres rurais.

Do mesmo xeito, tamén é xusto recoñecer a xenerosidade de Francisco Javier para que a vida de tantas persoas con discapacidade sexa máis accesible e máis plena.

Na gran obra da construción europea hai traballadores coñecidos, e tamén un europeísmo máis discreto pero teimudo. É o que profesa Carmen Fraga Estévez. Nestes momentos de incerteza na Unión Europea, a súa traxectoria e a de moitos como ela, séguenos dicindo que o ideal europeo está vixente, e é posible. E non só iso. Tamén é útil, como Carmen nos demostrou en moitos eidos, pero sen dúbida, con especial intensidade na defensa dos intereses dos pescadores e dos agricultores galegos.

Señoras e señores. Despois de tantos anos, seguen resoando as palabras do pai do galeguismo: <non lle poñades chatas á obra namentras non se remata; o que pense que vai mal, que traballe nela; hai sitio para todos>. Hai sitio para todos para nesa gran obra colectiva que é Galicia. Unha obra que avanza cada día porque existe un pobo con orgullo, e porque o noso país conta cun marco institucional estable que propicia a convivencia. Nin sería bo fuxir dunha realidade na que persisten as dificultades, nin tampouco esquecer os numerosos signos de alento. Velaquí neste acto un deles.

Da man desa Europa na que Galicia está inserta, dentro desa España na que atopamos liberdade e progreso, conscientes de que o noso é un pobo forte, podemos mirar o horizonte con confianza. Grazas.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA